

## 21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

Só almorzo na cafetaría Terraza os domingos. Sento na cadeira que se ve dende a xanela do meu cuarto e imaxino que me observo dando voltas aló enriba. Comprobo que as cortinas son quen de ocultar os sucesos interiores, que se desenvolven decotío só aloumiñados pola morna luz diúrna. Tomo o café só e o ton amargo infiltra-se entre os recantos da boca. Mastigo tamén o biscoito de cortesía. Sempre collo o xornal para non lelo nunca, porque me lembra a cando era unha meniña e lía os titulares cada vez que saíamos tomar algo fóra da casa. Olo os de actualidade porque non quero coller das caixas os fragmentos arrincados con novas pasadas, xa que entón desaparecería a imaxe do rectángulo con letras ilexibles e mudaría nunha visión alterada: perdería cada vaga de emoción e a subxectividade quedaría agochada baixo a sombra do que foi. Non quedaría o que recordo, senón a realidade irrefutábel á que ningunha ollada pode facer fronte.

Sempre penso no mesmo e desexo saír do remuíño. Pode ser este, ao mellor, o modo de evitar os novos sucesos que usurpen o sagrado sitio das memorias infantís? Se non vivo máis, non perderei o xa vivido.

Pásame que dende aquí, neste punto dos carrís do tempo, o tren acelera e só ollo o ronsel de vapor e fume que transforma o pasado nunha miraxe. Teño a sensación de que o engano perceptivo se volve máis evidente cando esquecemos todo aquilo que feriu e quedan os sentimentos felices. É preciso se concentrar moito nos arquivos do acordo para atopar, entre os pétalos dourados, a espiña. Ao mellor é que queda incrustado o cristal que non sucumbiu ante as temperaturas da amalgama, e, sepultado baixo o tempo, baixo as capas de alegría inesgotábel que no fondo son pura fantasía, queima, e non sabemos por que. Resulta difícil abrir a caixa das

vivencias máis rabiosas, porque destruimos os obxectos que asociamos a eses momentos. O indicio desaparece e queda cinza agochada, que empurra. Liberarse é máis difícil sen repetir as escenas na cabeza, sen escoitar de novo o son doente. E por iso quedan, e atrápannos, acumúlanse como cunchas arrastradas polas ondas dun mar tempestuoso. E despois, camiño e os pés córtanse e ollo e non quedan máis ocos, todos ocupados polos restos rachados do que foi, do que segue sendo no interior. Pasa, nos momentos de abalo emocional, que é máis difícil velas e, polo tanto, deixalas fuxir. A presión da auga e do sal é forte. Minto, tamén cando queda espida a area é imposíbel.

Por iso prefiro os intres previos ás accións, as pausas de comezo, nas que non hai praia. Chegan logo os momentos relevantes e despréganse os inertes tecidos punzantes sobre o po cálido, e pasan por primeira vez os intres relevantes, que doen, e os transitorios. E ignóroos, e rompo os símbolos, que quedan como estelas de madeira irregulares entre os tecidos musculares. E chega a fin, e a preamar, e observo con pena o período que remata. Sufrimos durante o camiño, agás, tal vez, no momento intranscendente, e cando remata só queda aquela parte manipulada por nós mesmos, a mentira, que nos fai arelar a súa volta- pode que sexa porque cremos que o teríamos feito mellor a segunda vez-.

Pago e voume. Subirei a casa para cambiarme. Hoxe é o día da nai e quedei coa familia nun punto intermedio entre a casa que xa non é nosa e a cidade, para comer. Na porta cheira doce. Ao neno da Carolina recoñezoo porque leva uns lentes rectangulares. Entre as mans sostén a bolsa de papel cunha superficie cruzada por vagas de graxa. O pai vén camiñando detrás del, busca a chave no peto. Non a atopa. Abro eu e déixoos pasar primeiro. Chamo o ascensor. O neno fala moito.

Marabíllame a claridade de expresión. Aínda que trata moitos temas, son capaz de comprender a idea á que quere achegarse. Enténdoo.

- Bo día, que tal estades?- Sempre preferín a tortura vertical das escaleiras ca chegar ao meu relanzo tendo que compartir uns poucos chanzos na mesma cabina ca o abelurio pequeniño e Xan, un home distraído, experto en esbardallar durante os microsegundos infinitos. Non me gustaba atopalos porque sentía un enfrontamento excesivamente grande entre as dúas naturezas, e a miña vontade de expresión retraía ao tempo que as palabras inconexas aturulaban. Sei de Xan e Carolina que veñen os dous de Lobios, e que o traballo dela os trouxo ata aquí- cal é este traballo é unha das eternas cuestións da veciñanza que ninguén lembra preguntar nunca- Pregúntome se os nenos ou mesmo os pais terían sido diferentes de quedar alí. Canto pode influír o espazo nas persoas? Supoño que é a xente a que afecta, cos seus actos, aos demais. Os espazos permanecen e resúltame contradictorio crer que a permanencia poida causar o cambio.
- Imos indo. *Hoje* está o maior un pouco desanimado, que suspendeu unha proba de *ghalegho*. E claro, *il*, que é *ghaleghofalante* dende pequeno, non o entende. Sabes o que quero *decer*?
- Mercámoslle ao meu *irmao* palmeiras de chocolate para *aleghralo!*- O meniño sorri- Aínda que algunha tamén é para min.
- *Ghústannos* moito os *dozes* na familia, que imos *fazer*? A nena e a nai son *ighuais*.
- Seguro que o do suspenso se arranxa, todo iso ten solución.- Abren as portas do ascensor e entramos.
- É o que lle contestou a Carolina: “*Aghora*, estuda para o *seghinte*, *culle* os libros e veña! *Tu* sabes que as cousas se *consegghen* con traballo.”- A cabina atemporal

detense no primeiro e aparece Elena coa bolsa do lixo nunha das súas mans de porcelana.

- *Aghora* imos para arriba, *logho* llo mandamos de volta.
- Xa vexo.

Entro no meu piso e coa chave pendurando entre os dedos abro a porta da cociña. É pequena. E case non estou cómoda apertada entre os mobles brancos. Olo as caixas sobre a mesa. Penso nos lugares que non mudan e nas persoas que mudan de lugar. E penso que aínda hai unha parte de min retida na casa que nunca máis visitarei, e no imprescindible de deixala marchar. Abro a primeira e atopo unha boneca de trapo. Tamén hai un debuxo, sorpréndome da súa expresividade. As ondas son de azul escuro e baten contra o ceo. No centro, unha ave voa. Cando o fixen, sei ben que debuxei un punto na metade, pequeniño, na fronteira entre o mar e as rochas. Ese puntiño era eu, sempre no suco.

Non obstante, agora sinto que son a gaivota que voa con disimulo entre dous cúmulos vaporosos. En eterno equilibrio entre as paisaxes, entre a xente. Pendurando de min mesma, sostida por unha corda moi, moi fina.